

O contexto dunha fotografía: a homenaxe a Aureliano Pereira de 1907

María Reboredo Marzo

Resumo: o artigo sitúa unha imaxe do Arquivo fotográfico de Castro Freire, dando sentido ao suceso plasmado nela, que é a homenaxe a Aureliano José Pereira de la Riva, no ano 1907.

Resumen: El artículo sitúa una imagen del archivo fotográfico de Castro Freire, dando sentido al suceso en ella plasmado, que es el homenaje a Aureliano José Pereira de la Riva, en el año 1907.

Abstract: The article is an analysis of an image belonging to the Castro Freire's photograph file, in which the event itself is contextualized as a tribute to Aureliano Pereira de la Riva in the year 1907.



Homenaxe a Pereira, 1907. Arquivo fotográfico Castro Freire, Museo Provincial de Lugo

A mediados da década dos 80' do século XIX xorde na España da Restauración o Rexionalismo Galego. Este cimenta as súas bases liberal-progresistas nun conxunto de reivindicacións que teñen como propósito a defensa dos intereses xerais de Galicia a prol dunha política galega. Entre 1885 e 1900, as tres tendencias ideolóxicas que dentro do mesmo Rexionalismo coexisten, van a diferir en aspectos fundamentais como a visión xeral do mundo ou a dirección a seguir en Galicia. O rexionalismo liberal, co seu expoñente máximo en Manuel Murguía, aspira a un desenvolvemento capitalista herdado do provincialismo, así como a democratización e eliminación de institucións arcaicas. O rexionalismo tradicionalista, cuxo principal teórico será Alfredo Brañas, é a tendencia máis conservadora xa que centra o seu discurso ideolóxico no catolicismo e o retorno ao pasado, sendo hostil ao capitalismo. Para rematar, a corrente federal do rexionalismo representa a extrema esquerda da democracia, cuxa intención ideolóxica era descentralizar o poder dando autonomía ás rexións.

Aureliano José Pereira de la Riva

Na difusión dos ideais do federalismo entre a pequena burguesía e o artesanado urbano, en quen buscaba os seus apoios, Aureliano J. Pereira comezou destacando cos seus artigos no *Diario de Lugo*.



Aureliano J. Pereira, Almanaque Gallego, 1912

Aureliano Pereira nace en Lugo o 22 de xaneiro de 1855, nunha pequena casa da chamada *Plazuela de la cárcel*. Aínda que carecía dos medios económicos para levar a cabo unha formación académica, o mozo Pereira desenvolveu a súa educación de forma autodidacta e non achou ningún obstáculo para triunfar como xornalista cuns sólidos ideais políticos. En 1875 escribía xa en prensa rexional e nacional, destacando ata o punto de chegar a converterse en director de *El Diario de Lugo* con tan só 24 anos. Un lustro despois, en 1884, en pleno apoxeo da súa carreira xornalística funda *El Regional* abrindo unha importante etapa na súa vida. A través dos seus artigos

neste diario somos conscientes da evolución ideolóxica de Aureliano Pereira cara a posturas republicanas federais. Como figura principal do Rexionalismo na súa vertente federal, Pereira ataca o sistema político da Restauración a través de *El Regional*, pero tamén nas súas colaboracións en publicacións nacionais tales como *La Ilustración Española y Americana*, *El Popular* ou *La Época* e é a súa actividade xornalística a que nos revela o fervente sentido patriótico que emana e difunde Pereira. Cabe destacar tamén que participa nas Asembleas Federais de 1886 e 1887 co obxecto de apoiar o proxecto constitucional para o Estado Galego.

A raíz de importantes problemas económicos en 1891, aos 36 anos de idade, Pereira ingresa no Partido Liberal Fusionista, ao amparo do destacado cacique lucense Benigno Quiroga López Ballesteros, cambiando drasticamente as súas tendencias políticas e trasladando a súa residencia, ademais, á capital do país, tras aceptar un emprego no Ministerio de Fomento. Este sorprendente xiro na súa vida e nos seus argumentos carrexoulle importantes críticas e a decepción de moitos dos seus seguidores. É a partir deste momento cando o literato pon de manifesto unha nova temática recorrente na súa prosa: a axitación obreira que descobre en Madrid.

Non podemos deixar de destacar, ademais do seu labor xornalístico, a súa representación na corrente do realismo costumbrista nas súas poesías, cancións e obras de teatro, fundamentalmente escritas en galego, para os que Béquero, Zorrilla e Lamas Carbajal serviron de exemplo.

O 31 de outubro de 1906 Aureliano José Pereira da Riba falece deixando nos lucenses un importante recordo que será manifestado, un ano despois, nunha emotiva e solemne homenaxe.

A fotografía e a colección de Salvador Castro Soto-Freire

Pese a que en 1839 o Goberno francés adquirise o Daguerrotipo para darllo ao mundo, as cámaras fotográficas non chegan a Lugo ata 1867, cando os fotógrafos Avrillón e Rodríguez Romay veñen realizar algúns traballos á provincia. A partir de entón temos constancia de varios fotógrafos que estableceron en Lugo o seu estudio a finais do século XIX. O interese temático do momento radica na novidade do recordo perfecto que supoñían os retratos máis estudados e pousados, tomados sen conciencia de calquera sentido artístico como hoxe en día o entendemos.

De entre os afeccionados e dedicados á fotografía no cambio de século grazas á redución do tamaño das cámaras, sen dúbida, hai dous nomes que son a base da documentación gráfica do momento. O primeiro é Maximino Reboredo, que fotografou Lugo e as súas xentes entre 1892 e 1899. Nestes poucos anos de traxectoria profesional, truncados pola enfermidade que o levou á morte antes de cumprir os 25 anos, Maximino Reboredo deixou un legado en forma de case 400 placas fotográficas, que non son senón un tesouro testemuñal da cidade e os seus habitantes. Entre elas atópanse insólitas imaxes como as dos planos desaparecidos do Teatro Circo, así como retratos individuais e de familia dunha beleza e delicadeza asombrosa.

O segundo é Salvador Castro Soto-Freire. Naceu en 1869 e dedicou a súa vida ao exercicio da súa profesión, a farmacia, e á súa paixón: a fotografía. Grazas á influencia do seu pai, do que aprendeu de química na farmacia, e ao seu tío, Manuel Soto Freire, un dos principais impresores galegos, que o introduciu no mundo dos novos aparellos mecánicos dende a súa imprenta, nace en Castro Freire unha gran afección que o levará a se converter no máis notable retratista de sucesos cotiáns, personaxes e vistas de Lugo nas últimas décadas do s. XIX e primeiras do XX.

No seu interese polos artiluxos e a innovación no mundo da fotografía, Castro Freire adquire a primeira cámara estereoscópica da cidade. Esta, inventada por Sir Charles Wheatstone en 1838, crea a ilusión de profundidade a través da presentación de dúas imaxes bidimensionales lixeiramente diferentes que, ao ser visionadas no verascopio, provocan a sensación de tridimensionalidade. As fotografías volumétricas de Castro Freire revolucionaron o Lugo de final de século e as súas instantáneas de eventos ou tradicións folclóricas pronto foron publicadas en prensa ou tomadas como tarxetas-postais. É neste sentido no que pode recoñecerse á perfección o matiz documental que Salvador Castro Freire insire nas súas imaxes e que lle dota á súa colección de positivos e negativos dun sentido xornalístico ao nivel da reportaxe gráfica, que florece a duras penas e inconscientemente nese momento.

Sería interesante e pertinente levar a cabo unha investigación sobre a relación existente entre esta xeración de fotógrafos lucenses e a Escola de Artes e Oficios de Lugo, así como co seu malogrado profesor Sotero Bolado Alonso, químico afeccionado á fotografía, como podemos comprobar no seu artigo en *El Regional*¹ e que era, á súa morte en 1894, director da citada escola.

O Museo Provincial de Lugo conta con 253 imaxes positivas en papel e cartón, así como de 113 negativos e positivos de cristal de distintos tamaños, do chamado Arquivo Fotográfico de Salvador Castro Soto-Freire. Debido a que é incerta a orixe de devandito arquivo, así como a súa aparición nos fondos museísticos, resultaría ousado afirmar que a totalidade das imaxes sexan da autoría de Castro Freire sabendo, a día de hoxe, que algunhas delas foron realizadas, asinadas e mesmo publicadas por outros autores.

A homenaxe a Pereira e a testemuña gráfica

Na década dos 90 as actividades culturais da cidade desenvolvíanse en torno a institucións de gran arraigo, como eran e seguen sendo o Círculo das Artes ou o Casino de Cabaleiros, ambos na praza Maior. Doutra banda, o Teatro Circo da rúa Castelar xunto co citado Círculo das Artes ofrecían os seus escenarios para actuacións do Orfeón Gallego que dirixido por Juan Montes alcanzara todo tipo de premios e



O Orfeón Gallego lucindo os tres estandartes en 1908 no claustro do edificio de Facenda da rúa da Raiña

recoñecementos locais, rexionais e nacionais. O Orfeón Gallego, logo da morte de Montes y Capón en 1899 continuou a súa carreira de éxitos sen que poidamos achegarnos a un estudo profundo da institución senón é só a través da prensa, posto que os documentos daquela sociedade que se atopan no Arquivo Histórico Provincial de Lugo non poden ser consultados debido ao seu precario estado de conservación.

Deu a casualidade de que o día 28 de setembro de 1907 tivo lugar en Lugo, na Casa Consistorial, unha sesión da Real Academia Gallega, que tivo unha parte extraordinaria e pública na que Manuel Murguía deu un discurso eloxiando o académico falecido Valentín Lamas Carbajal (1849-1906) e deulle a benvida a José Antonio Parga Sanjurjo como novo académico. Fíxose coincidir, pois, esta reunión da Real Academia Gallega coa homenaxe programada para o día seguinte en honor a Aureliano J. Pereira, con intención de aproveitar a estancia de tan ilustres literatos na cidade natal do polígrafo.

É ás once da mañá do día 29 cando sae a comitiva dende a Casa Consistorial cara á praza do cárcere vello e nela están representados o Concello, a Deputación, a milicia, a Cámara de Comercio, os centros de recreo, a prensa, o Centro Obreiro, o Colexio de Avogados, a Escola de Artes e Oficios, a Academia Galega e a familia de Pereira. O Orfeón Gallego e a Banda Municipal de Lugo amenizaron a marcha. «En perfecto orden cruzó la comitiva la calle de la Reina, la Plaza de Santo Domingo y la calle de Armañá, llegando ante la casa natal de Aureliano Pereira donde se formó ancho corro. Descorriose el lienzo que cubría la lápida y el alcalde accidental Sr. Pérez pronunció breves y sentidas palabras que todos los concurrentes escucharon descubiertos y con el más regio respeto [...]»². Tras un aplauso actuou o Orfeón Gallego que interpretou a peza

¹ BOLADO ALONSO, Sotero, “La fotografía y sus aplicaciones”, en *El Regional* do 14 de maio de 1892, p. 1

² “La Academia Gallega y el Homenaje á Aureliano Pereira. La jornada de ayer”, en *El Regional* do 30 de setembro de 1907, pp. 2-3.



A comitiva da homenaxe a Pereira na confluencia de Armañá con Conde de Pallares, 1907
Arquivo particular da autora

de Hoefffeld Nove, e emprendeuse de novo a marcha «[...] por la plaza del Campo, (hoy de Aureliano Pereira)³, calle de la Cruz, Conde Pallares y Plaza Mayor [...]»⁴.

É entón cando se toma a instantánea que dá motivo a este artigo e que abriu a porta a esta esquecida homenaxe. Trátase dunha imaxe fotográfica con carácter de reportaxe gráfica, xa calificada así pola prensa do momento, na que pode verse como se formou ese corro fronte á placa conmemorativa descuberta no número 13 da praza. Nesta reunión principalmente masculina, dominada polos altos chapeus, respírase un aire de respecto e solemnidade dun acto destacable nunha cidade pequena como Lugo, pouco afeita ás autoridades. Así mesmo, pode verse como os lucenses se interesaron pola homenaxe, aínda que non formasen parte da comitiva e apiñándose tras as personalidades e asomándose curiosos aos balcóns..., pero, sobre todo, resulta dunha estética deliciosa o detalle dos rapaces máis novos (e unha soa rapariga) que, buscando unha boa perspectiva nese pequeno espazo da praza, se encaraman aos tellados para non perder detalle.

A xenial composición da fotografía outórgalle unha gran importancia ao Orfeón Gallego que loce con orgullo os seus estandartes: á esquerda volteado o primeiro


³ O Concello decidiu por unanimidade, e a proposta do alcalde, de cambiar o nome da praza do Campo polo de praza de Arureliano J. Pereira (Arquivo do Concello de Lugo, Actas, sig. 7.989, p. 47). A Plaza do Campo hoxe recuperou o seu nome e é a traseira do palacio do marqués de Hombreiro que leva por nome Recanto de Aureliano Pereira.

⁴ “La Academia Gallega y el Homenaje á Aureliano Pereira. La jornada de ayer”, en *El Regional* do 30 de setembro de 1907, p. 3.

premio do certame de Orense, no centro o estandarte identificativo do Orfeón e á dereita o que daba fe da victoria da coral no certame celebrado en Ferrol en setembro de 1906⁵.

Esta imaxe foi positivada para o deleite dos asistentes e como Tarjeta postal. Union postale universelle. España. España. Nesta postalina foi inserido o título de LUGO Homejane a Pereira posiblemente a través dun adhesivo no cristal e foi a foto que algún lucense, probablemente relacionado co Orfeón Gallego, que acapara gran parte do protagonista da imaxe, escolleu para enviar noticias aos seus achegados, escribindo ao dorso da postal, a pluma, unhas letras: Querida??? Recibí tu postal y los periódicos que me remitió Luis. Dentro de unos días enviaré á Pepe una carta certificada para que me realice en ésa unos encargos. “O compromiso” lo estamos terminando de ensayar y sale muy bien. Recuerdos, y tú recibe un beso de Lola. 24-10 del 1907. No feito de que o contido da postal careza de relación co fotógrafo Castro Freire atopamos outro indicio de dúbida da súa autoría, entendendo que talvez existise nel ou na súa familia un certo afán de coleccionismo de estampas lucenses como esta.

Parte traseira da postal, 1907.
Arquivo fotográfico Castro Freire,
Museo Provincial de Lugo.



⁵ “El Orfeón Gallego de Lugo”, en *La Actualidad* do 10 de abril de 1908, N.º 89

Sendo como era, un home cunha boa posición social e económica e cunha profesión afastada do oficio xornalístico, resulta absurdo pensar que Castro Freire tomase fotografías para convertilas en postais e vendelas, como neste caso.

As nove da noite celebrouse no salón do Círculo das Artes outra homenaxe⁶. No proscenio, durante a velada presidía un retrato de Aureliano Pereira a cuxo pé se colocaron as coroas na súa memoria. Os prezos das localidades para esa velada oscilaron entre as 2 (cadeira ou diván) e as 15 pesetas (palcos de seis asentos). Na primeira parte do evento executáronse varias pezas musicais, e o Orfeón Gallego entonou *Serenata de Montes* escrita polo homenaxeado, e foron tan aplaudidos que se viron na obriga de corresponder ao caluroso público cun bis de Hoeffeld. Na segunda parte levouse a cabo a lectura de poesías galegas e castelás orixinais de Aureliano J. Pereira por parte de Gerardo Álvarez Limeses⁷, Jesús Rodríguez López⁸ e Manuel Lugrís Freire⁹. En terceiro lugar estaba previsto que Narciso Correal Freyre de Andrade (1874-1951) pronunciase un discurso sobre Aureliano Pereira, pero houbo esa noite un pequeno percance que *El Regional* sinalou con tristeza e dramatismo, pois o Sr. Correal, antes de que chegase a súa quenda de intervención, sentiuse indispuosto e tivo que ser atendido polo médico José Almoína Vigil que se atopaba presente e encargoulle un medicamento á farmacia tras examinar ao paciente, pero a melloría non se produciu a tempo para o discurso. Non toda a prensa acolleu o acto do mesmo xeito porque no diario conservador *El Norte de Galicia* recóllese que «De la velada organizada para la noche celebrada en el Círculo de las Artes nada hay que decir, pues lo único saliente era el discurso del señor Correal, y no lo ha pronunciado por sentirse indispuosto [...]»¹⁰. Entón, Narciso Correal insistiu en permanecer en Lugo ata restablecerse e pronunciar o seu discurso. Segundo *El Regional*, tras dous días de repouso e visitas médicas no Hotel Méndez Núñez, o orador deixou a cidade tras escribirlle unha carta á prensa desculpándose e asegurando que o seu discurso será impreso e repartido entre os participantes e interesados na homenaxe a Pereira.

A imaxe que presentamos resulta ser a ventá pola que nos asomamos ao medio sociocultural da cidade de Lugo nunha data memorable; nela confluíron acontecementos e anécdotas que deixaron a súa pegada na nosa historia local. Neste caso, pois, debemos entender a fotografía como fonte histórica, porque documenta o momento máis solemne da homenaxe póstuma a Pereira de la Riva.

Pero é necesario que rescatemos as velas imaxes tamén para que actúen como complementos das fontes históricas doutra índole, dándolles consistencia material, encaixándoas no espazo concreto.

⁶ A Comisión executiva da homenaxe a Pereira soliciou o uso do Salón de festas da Sociedade, tal e como se recolle nas actas do Círculo das Artes, sesión do 13 de setembro de 1907, p. 46 vto.

⁷ Gerardo Álvarez Limeses (1871-1936). Avogado e mestre e académico da Real Academia Galega

⁸ Jesús Rodríguez López (1859-1917). Médico, literato e académico fundador da Real Academia Galega

⁹ Manuel Lugrís Feire (1863-1940). Escritor e activista galeguista, membro da Real Academia Galega e das Irmandades da Fala.

¹⁰ “Por Pereira”, en *El Norte de Galicia* do 30 de setembro de 1907, p. 2



Detalle da fotografía “Homenaje a Pereira”, 1907. Arquivo fotográfico Castro Freire, Museo Provincial de Lugo.

Por fin, é preciso subliñar a necesidade de rescatar as identidades das xentes que aparecen nas fotos antes de que sexa demasiado tarde. Somos capaces de recuperar os espazos perdidos, pero non conseguimos poñerlles nomes e apelidos aos que aparecen inmortalizados, e a Historia trata de persoas, non de cousas: entre a masa de xente que asisten á homenaxe a Pereira non resulta posible levar a cabo a identificación dos alí presentes.

Cando o tempo pase sobre nós e esta época de sobreabundancia de imaxes, resultará paradoxal non conservar a identidade dos retratados ou filmados, polo que as testemuñas gráficas perderán boa parte do seu significado.

Bibliografía

- BERAMENDI GONZÁLEZ, Justo, *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, Xerais, 2007.
- El nacionalismo gallego*, Madrid, Arco Libros, 1997
- CANCELA LÓPEZ, Juan, “Salvador Castro Soto Freire (1869-1952). La memoria gráfica de un Lugo entre dos siglos”, en *Lucus*, n.º 40, 1941, pp. 63-66.
- MÁIZ, Ramón, “Galleguismo e republicanismo no movemento rexionalista lucense no século XIX: Aureliano J. Pereira”, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo I*, 1983, pp. 157-172.
- QUIROGA FIGUEROA, María, “Don Salvador Aurelio Castro Soto Freire en el Museo provincial de Lugo”, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo VI*, 1993/94, pp. 243-249.
- REBOREDO PAZOS, Julio, voz “Pereira de la Riva, Aureliano José”, en *Diccionario biográfico de la RAH*. En prensa.
- RODRÍGUEZ OCHOA, Eduardo, *Memoria visual de Lugo. 161 años de fotografía*, Lugo, Concello de Lugo, 2001.